

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

*RESOLUCIÓN do 20 de xaneiro de 2021, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se fai pública a convocatoria extraordinaria da reunión da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.*

En cumprimento do establecido nos artigos 27 e 28 do Decreto 111/2015, do 6 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de organización e de funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, coa conformidade do presidente da Xunta de Galicia,

RESOLVO:

Facer pública a convocatoria extraordinaria da reunión da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, que se celebrará o día 8 de febreiro de 2021 mediante videoconferencia, de conformidade co previsto nos artigos 21.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e 17.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

Antonio Rodríguez Miranda  
Secretario xeral da Emigración

